



Fundación
Caixa Rural Galega
Tomás Notario Vacas

IV Edición das Bolsas de Posgrao Fundación Tomás Notario Vacas

Abre as portas ao teu futuro académico e profesional cunha bolsa que che permitirá estudar en prestixiosos centros nacionais e internacionais, contribuíndo ao avance económico e social de Galicia.

Convocatoria para o Curso Académico 2025-2026

A Fundación Tomás Notario Vacas convoca dúas bolsas dotadas cun máximo de **40.000 euros**, para estudos de posgraduado (Máster ou Tese Doutoral) en calquera disciplina que contribúa ao progreso económico, social e cultural de Galicia, con especial atención aos sectores agro alimentario e forestal.

Quen pode solicitalo?

Se este ano terminas o teu grao universitario ou xa es titulado/a universitario/a e estás interesado/a en ampliar os teus estudos cun máster ou tese doutoral nacional ou internacional que contribúan ao progreso de Galicia, especialmente no sector agro alimentario e forestal, e que se realicen en modalidade presencial, continua e a tempo completo, esta é a túa oportunidade.

Requisitos dos Solicitantes

- Titulado/a universitario/a oficial español ou estás a cursar o último ano de estudos universitarios.
- Nacionalidade española e vinculación con Galicia.
- Inscripción en estudos de Máster ou Tese Doutoral e iniciados os trámites de admisión no centro destino que contribúan ao progreso de Galicia.
- Nivel mínimo de inglés B2 e do idioma de traballo do centro de estudos de destino.

Prazo e Forma de Solicitud

Podes presentar a túa solicitude **ata o 31 de maio** de 2025 a través do formulario de solicitude en liña dispoñible dentro de convocatorias de bolsas posgrao da nosa páxina web.

Queres máis información?

Consulta as bases da convocatoria na nosa páxina web
www.fundacioncruralnotario.gal